



1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts

Fora, > 50 >

Coste d'un número 10 >

América 2 pts. trimestre

Número 6

= Redacción =

e administración:

CANTÓN GRANDE

= 16, BAIXO =

A CRUÑA

5 XANEIRO

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

## A FALA NO ENSEÑO

POR VICTORIANO TAIBO

Deica o d'agora non conozo outro caso.

Sabía de quen rifaba ós rapaciños por falaren na liugua qu'as suas nais amantíñas lles deno co leite dos seus seos maternas, e qu'iles teñen de cutío nos beizos por non saberen outra.

Sabía qu'a incultura dos nosos labregos non devén soyo da falla d'escolas, senón da "salvaxada pedagóxica" de quererem darlle o ensino [malpocados] n-unha fala que non conocen e, por ende, non poden entender, se lle non se da ista clas de coñecemento de maneira axeitada ás suas necesidades, por formas pedagóxicas anexas á lingua dos nosos eidos, e que cinco séculos d'esperencia delorosa están pidindo, non á gridsos: a berros.

Sabía que nas nosas escolas—sobor de todo nas das aldeas—onde os escolantes s'empañan n-enseñaren o castelao pol-o castelao mesmo, os probes cativiños sán d'ilas fartos de labazadas e valdeiros de letras: dicindo *auja* e don *Guanito*: co galego en bárbaro y-o castelao en brutiño.

Sabía, tamén, qu'ista custión, ben merecente d'estudio e de sere pensada e moi tida en conta, pr'ós mais dos galegos ten menos valere qu'a saude d'un cacique.

Pro quen da a doenza dá a manciña. Y-ei-qui teño nas miñas mas, tremelantes d'enxebreza e ledicia, un feito qu'almenda a esperanza y-agorenta o esprito.

Hai un home—Diol-o bendiga—que nun linguaxe esgrevio esquirbeu pr'os miniños. Oubideo:

### NINGUEN PODE COMA DIOS

O conto de quen fixo as cousas qu'hay no mundo non che ten volta. Porqu'eu non falo solasmente doxe, qu'agora ven se ve que nace a vaca da vaca, e unha ovella de outra, pero a primeira ¿d'onde veu? A primeira ¿quén a fixo? Os homes non, qu'ainda agora a pesar de tanta sabencia, non son capaces todos eles de

facer un miñato nin un carrizo, anqu' é un paxaro ben pequeno, nin unha herbiña d'esas qu' hay na nosa terra, tan brandiñas que da gusto sentarse sobor delas na sombra dunha carballera, eponse pouco dimpóis tan direitiñas coma si ninguén as pisara. E se aínda véndoas, véndoas todolos días no as fan, ménofas farían sen vélas, menos farían as pirmeiras. Se non saben cómo!

E anque soberan, ¿con qué as ifian a facer? ¿Con terra? ¡Estache boa! Facer con terra, coa lama que tanto enlixa ós pés as bonitas froliñas nosas! Más aínda pra eso tiñan que facer primeiro a terra. E estamos na mesma. Se os paxaros, e as froles, e as fontes non se poden facer, a terra aínda é maior. ¿E con qué a ifian a facer? Estamos na mesma sempre. Hay qu' acudir a Dios: ó que puxo o rabo as cireixas. Ese, ese é o que o fixo todo. Os demás saben matalas, desfacelas, Pero facelas? Non ten xeito. Anque se xunten todolos sabios do mundo, todos, non son capaces nin de porlle a pata a unha mosca se por debele se lle caeu. Nin agora nin nunca.

¿Quén é o de qué maneira tan xeitosa amostra ós miniños as verdades da nosa relixión? Pois o P. Celestino García Romero, S. F., dendes d'un xurnaliño—"Catecismo de Niños y Niñas"—imprentado en Santiago pol-os fillos de S. Iñigo, pra logo sere distribuído antre os nenos que van a catequisis qu'aqueles fan.

Fixose dino d'alaudos, e doullos: é merecente de gabanza, e non vai todo o cumprida qu'eu cubizo. A Diol-o qu' é de Dios, y-a Compañía de Xesús, o seu.

E iste un feito que siñala a rua pedagóxica do ensino nos nosos eidos. Os peisanos da nosa terra, e todol-os que dende nenos van afeitos a falaren en galego, non chegan a dominare o castelao por non saberen ben a nosa fala.

Hai unha verdade evidente: o que coñece unha lingua con perfeición, adeprenderá outra con facilidade. Y-o que non, non.

P. Romero, vostede no me dará creto; mais púxoll'o rabo a unha cireixa. Y-esco-

menzando nun milagre, chégase axiña a taurmaturgo do enxebriño.

Fai falla reconocel-o. Os creguñios da terra son do mais enxebre que temós por eiquí.

¡Canté, s'a moitos d'iles n'os tivera a sua mala ouira tan acarón do cacique!

Compostela.

### VERBAS DE XOVELLANOS

"Diráse da lingua mallorquina que amámola, y-é verdá; pro non'a amamos con cego amore. O millor modo d'amala será cultivala. Entón, coneceremos o que val y-o que pode valere; entón poderemos ire levándoa á dinidá de lingua literaria: entón, ire axeitándoa a esautitude do estilo didático y-os encantos da poesía; y-entón, esquirbindo e traducindo n'ela obras útiles, axeitadas á comprensión xenera, abriremoslles as portas pr'a ilustración a esta clas de xentes mallorquinas que teñen a sua sorte miserabre xunginda na sua iñorancia; y-unha iñorancia será invencible namentras non se perfeione o principal e primeiro istrumento da sua istrución."

(Palabras de Xovellanos na sua gabadada *Memoria sobre da educación pública*, presentada na Sociedad Económica de Mallorca, fai moitos anos, Xovellanos era asturián; en termos semellantes espresouse ó Padre Sarmiento, respéto ó cultivo da lingua gallega.)

### COMO PENSA UN FRADE BURGALÉS

Ortigueira é unha ridente vila, branca, limpa e xeitosa coma unha fada, que ten asentado n'un verxel mariñán da provincia da Cruña.

Xa o di o cantar do pobo: "Santa Marta—Vila farta",

esto é, vila rica. Ende ben: en Santa Marta d'Ortigueira, a riqueza material trougo, coma de cote, a riqueza espiritual.

Duas mostras d'ela sonvos: qu'o Municipio ortigueirés pubrique, pol-a felis iniciativa do Sr. Maciñeira, arqueólogo moi gaba-

do, un boletín oficial que s'espalla a oito, de gratis, no que se lles dan consellos agropecuarios ós veciños, espoñend'ó mesmo tempo cantas milloras hai que facer, coma primeiramente necesarias no distrito; e qu'ali, n'aquela vila, fundarase tamén, por idea do notabre esquiretor D. Leandro Pita, unha Sociedade a maneira d'Ateneo que nomease "Agrupación cultural".

N'esta Sociedade ateneísta veñen dándose conferencias de moito intrés.

A derradeira estivo a cárrego do P. Nebreda, da residencia de Baltar. O P. Nebreda, inda nado en Burgos, é un fervente namorado de Galicia, á que l'adica seus mais fondos amores.

Pois o P. Nebreda disertou sobre do rexionalismo, logo de presentalo brillantemente D. Leandro Pita. E dixo coma síntesis do seu galano discurso, que "O rexionalismo da lingua é base e comenzo de todo rexionalismo". Lembrouse dempois, con moito agardado e sabencia, dos nosos antigos trovadores e dos nosos poetas d'oxe e d'onte, recitando versos de Curros. Para o P. Nebreda, logo do rexionalismo da lingua, ven o rexionalismo económico, entrambos pedra de toque de toda independencia política.

Este é o programa que nos recomendaron a nos, os rexionalistas cataláns, decatados pol-a súa esperencia.

¡O P. Nebreda é castelán! ¡Outro que dano-lo exemplo! ¡Benia a él!

#### A TRADICIÓN MARIANA

As "Cántigas de Nosa Señora" do Rei Sabio, son a mais antiga "colección" poética na lingua gallega. O coroado trovador elixeu pra gabar os milagres, da Virxe a lingua que falara de neno e na qu'esquireu tamén cousas d'outro xeito, empregando o endecasílabo chamado de "gaita gallega", fala que coídon sen dúbida mais adrede qu'a de Castela, pra espresare as tenrezas y-agarimos da devoción. O Rei Sabio, Alfonso X—poidéramos dicir "o noso Cervantes", falando con moita liberdade—ofreceu axuntados pol-a ves primeira o lirismo gallego y-o elemento narrativo da epopeya castelana; e coma devoto da Virxe, fundou unha orde militar e relixiosa no honore d'ela, dividindo tamén seu inmortal código en Sete Partidas, por ter sido sete os dolores de Nosa Señora.

#### CONCLUSIÓNS

Lembrándonos de todol-o esquireto, ¿n'é de xustiza pedire, inda mais, esixire, qu'os mestres d'escola en Galicia, sexan gallegos pra poderen darlle o ensino en gallego, sen esquecer o castelán, millor dito, espricando o castelán valéndose do gallego, ós nenínos? Estes non adprenderán eisi ben o que d'outra maneira adprenderán cativamente? ¿Non s'espulgarían, entón, os galleguismos do castelán y-os castelanismos do gallego? Esto mesmo fixose en Cataluña; esto pidiron inda fai pouco—ben'o sabe o arbobispo de Tarragona—os socialistas cataláns n'unha asamblea.

¿N'é tamén de xustiza pidire qu'os cregos, nas nosas aldeas, prediquen y-espriquen o Evanxelio en gallego, soila maneira na que lles é doado non predicare para o mouró do sermón?

E pol-o derradeiro: ¿non se achan obrigados, pensando na nosa tradición mariana, a falar en gallego nas suas festas as xuventudes católicas de Galicia?

Todo esto vai pol-as dereitas. Ora ollemos para as esquerdas, pra liberaes e republicanos.

Dixo Pi y Margall, o úneco político español do sigro XIX, que non se trabucou nunca, que adoitó foi profeta, de cote honrado, sabio sempre:

"N'hai lingua na que se poda esquirebir millor que na materna. ¿Quén non quere a lingua que adprende dos beizos da sua nai?"

Aconsella o bon goberno usare oficialmente das linguas rexionaes. ¿Pode dárese nada mais ilóxico que confial-a administración nin'a xustiza a homes que non conezan as linguas do pobo no que baxan d'exercelas? En Cataluña, nas insuas Baleares, en Valencia, EN GALICIA, en Asturias, en Navarra, nas provincias baseas, son moitos mais os que ñoran a lingua de Castela que os qu'a conececen. Chamade ós que as ñoran a que, por exemplo, fagan un documento ante notario ou decraren coma testigos diante de xueces e maxistrados. ¡A cántos erros non estarán

espostos, non enxerguendo ben as preguntas e non sendo millor enxerguendo-as suas respostas pol-as que lles interrogan!

No oficial coma no privado, ten que empregárese a lingua que s'estile na rexión onde vivimós."

Non esquezamos, gallegos da dereita e da esquerda, que a palabra—según a pedagogía—é o elemento esencial da formación do home. A palabra eyo todo. Y-a palabra castelana, matou o espirito de Galicia; trocouno por un espirito estrano, escravo, esmorecente...

Liberaes, católicos; tradicionalistas, republicanos: ¡quen de vos faga mais pol-a nosa fala—na que latexa a forza da conciencia rexional, dormida, coma encantada, e non morta—, ese conquerirá no porvir o maor partido! No gallego xermola a hexemonía futura d'uns ou d'outros.

## CANZONE ITALIANA

(De Tommaso Grossi; tradución de Xosé Irexas Roura)

### LA RONDINELLA

Rondinella pellegrina  
che ti posi in sul verone  
ricantando ogni n'atina  
quella flébile canzone,  
che vuoi dirme in tua favella  
pellegrina rondinella?

Solitaria nell'obblio,  
del tuo sposo abbandonata,  
piangi forse al pianto mio  
vedovetta sconsolata?  
Piangi, piangi in tua favella,  
pellegrina rondinella.

Pur di me manco infelice  
tu alle penne almen t'affidi,  
scorri il lago e la pendice,  
empi l'aria de tuoi gridi,  
tutto il giorno in tua favella  
lui chiamando, o rondinella.

Oh se anch'io... ma lo contende  
questa bassa, angusta volta  
dove sole non risplende,  
dove l'aria ancor m'é tolta,  
d'onde a te la mia favella  
giunge appena, o rondinella.

Il settembre in nanzi viene  
e a lasciarme ti prepari;  
tu vedrai lontane arene,  
nuovi monte, nuovi mare,  
salutando in tua favella  
pellegrina rondinella.

Ed io tutte le matine  
riaprendo l'occhi al pianto,  
fra le nevi e fra le brine  
crederò d'udir quel canto  
onde par che in tua favella  
mi compiangi, o rondinella.

Una croce a primavera  
troverai su questo suolo;  
rondinella, in su la sera  
sovra lei raccogli il volo:  
Dimmi pace in tua favella  
pellegrina rondinella.

### A ANDURIÑA

Agarimosa anduriña  
que no meu balcón me cantas  
sempre, pol-a mañanciña,  
un cantar con que me encantas  
¿qué me di tua voz melosa,  
anduriña agarimosa?

Orfa e sola n-esta vida,  
do teu esposo esquencida  
—¡pobre viudina!—escóitase  
con fristura as miñas coitas  
e choras ante o meu pranto  
que o teu se somella tanto.  
Chora, chora á miña veira,  
anduriña planxideira!

Pol-o menos, ti, confiada  
nas tuas aás, no azul te perdes;  
c-os teus pios, desolada,  
vas do lago ós campos verdes,  
enchendo os ars de armonía  
con que o chamas todo o día.

Seu tamén poidese... axiña  
voara de su o meu teito  
onde vivo, baixo e estreito,  
onde non chega a raíña  
do sol, que pódose deixas,  
d'onde apenas miñas queixas  
a ti chegan, anduriña.

O setembro se avenciña,  
e a deixar estes meus lares  
te preparas anduriña;  
saudarás outros mares,  
novos montes, novas prayas,  
co-as tuas voces mais gayas.

E eu, solo na triste aldea,  
os ollos abrindo ó pranto  
mentras neva e sarabea,  
coidarei ouvir teu canto  
en que parece ó queixarte.  
que na miña door té parte.

Cando volvas—pobre e sola,  
que os meus desposos che indique—  
unha cruz verás, sinxela;  
no serán, cando a rayola  
derradeira esa cruz bique;  
plega as aás, pousando n-ela,  
e paz dime, ou anduriña,  
na tua fala á veira miña.

## O gran ourensano P. Feixó presinteu o nazionalismo galego

### VERBAS DINAS DE SE CONECEREN

"Inda qu'os dialetos da lingua latina que s'asiñalan adoito son tres, o costelán, o italiano y-o francés, o F. Kiquer, amostra outro, o portugués, no qu'eu adevirto, débese incluíre a lingua gallega, coma realmente igual a portuguesa, xa que son poucas as verbas nas que se diferencian e sere a pronunciación das letras n'un todo semellantes; y-eisi enténdense mo ben os homes d'entrambas Nazóns, sen ningunha intrusión dinantes.

Qu'a lingua portuguesa ou galega débese lere coma dialeto separado da latina, e non coma subdialeto ou corrucción da castelana, próbase craramente c'o maor parentesco que garda aquela, qu'esta, c'a latina. Pra quen teña conecemento d'estas linguas non pode habere dúbidas de qu' pol-o común as verbas latinas dexeneraron moito menos na portuguesa. Isto non podería sere s'a lingua portuguesa fose corrucción ou subdialeto da castelana: sendo certo que, con cantas mais mutacións s'alexa unha lingua da fonte, tanto mais s'alexa da enxebreza do seu orixe.

Se pol-o maor parentesco que ten un dialeto c'a lingua orixinal, houbérase de regular sen valor antre todos os dialetos da latina, daríamosl'a preferencia á lingua italiana, e no segundo lugar poñeríamola a portuguesa.

### COROLARIO

Habendo dito qu'o idioma portugués y-o galego son un mesmo, espoñeremos eiquí a causa d'esa identidade.

E costante nas Hestorias qu'o ano 400, e pouco mais alá da nosa Redención, foi España conquerida y-asotallada pol-a fira irrucción dos Godos, Vándalos, Suevos, Alanos e Salingos, nazóns setentrionaes. Que d'estes, os Suevos, debaixo da conduta do seu Rei Hermenerico, adonáronse da Galicia, onde reinaron groriosamente mais de 170 anos, até qu'os despozoou d'aquel frorecente reino, Leovigildo, rei dos godos. E tamén certo, que non soilo domiñaron os Suevos á Galicia, senón a maor parte de Portugal.

Manoel de Faria, no Epítome das Hestorias Portuguesas, con Fr. Bernardo de Brito, e outros autores da súa nazón, quere que non soilo fosen os suevos donos da maor parte de Portugal, mais tamén de canto tiño o nome de Lusitania; n'un grado, que perdida esta domiñación, tomou aquel reino o nome de Suevia. Tampouco hai dúbida de qu'ó tempo qu'entraron os suevos en Galicia e Portugal, salábase nos dous reinos, coma en todol-os mais d'España, a lingua romana, estíñida xa qu'áeseque do todo n'antiga España.

Feitos estes supostos, achase xa á man a causa que buscamos da identidade do idioma portugués e galego; y-é, que tendo estado as dúas nazóns separadas de todas as máis provincias, baixo á domiñación d'us mesmos reises, n'aquel tempo percisamente no que corrompéndose pouco a pouco a lingua romana en España, pol-a mezcra das nazóns setentrionaes, foi dexenerando en particulares dialetos, consiguientemente ó contino e recíproco comercio de portugueses e galegos (següela necesaria d'estare as dúas nazóns baixo unha mesma domiñación), era perciso que n'entrambas formárase un mesmo dialeto. Xúntes'a esto, qu'o reino de Galicia comprendía n'aqueles tem-

pos bon anaco de Portugal, pois incluíase n'él a cibdá de Braga, coma di Idacio no seu Cronicon, feito estonces. "Theodorico Regē cum exercitu ad Bracaram extremam Civitatem Gallaeciae perferente, etc."

Diremos, pois, que si o idioma de Galicia e Portugal non se formaron promiscuamente a un tempo nos dous reinos, senon que d'un pasou ó y-outro, téñese de discorrir que de Galicia se comunicou a Portugal, non de Portugal a Galicia. A razón é porque namentras a xuntanza dos dous reinos no goberno Suevo, Galicia era a nazón domiñante, respeito de lere n'ela seu asento e Corte aqueles Reises. Pol-o mesmo, eisi os esquiretores españoles com'os estranxeiros, chamáronos Suevos ausolutamente Reises de Galicia, atribuíndo a nomeación á Coroa pol-a provincia domeadora ou domiñante: coma dinantes da xuntanza c'o Aragón chamábanse ausolutamente Reises de Castela os que xuntamente con Castela rexían outras moitas provincias d'España. E o mesmo diremos dos reises d'Aragón, respeito d'as máis provincias axuntadas a aquela Coroa. Sendo, pois, namentras aquela xuntanza, o Reino de Galicia asento da Coroa, é craro que non puido tomare o idioma de Portugal, porque nunca, endexamáis, a Provincia domiñante tomou'o da domiñada, senon ó contrario."

(Discurso XV, do tomo I do Teatro Critico.)

## TRIBUNA LIBRE

### COUSAS INTERESANTES

Dinantes do que se pon liñas enbaixo, pétanos repetir—pois dixémolo xa outras veces—que n'este boletín teñen acollida cantos artigos se nos envien sempre que veñan a xeito c'o galleguismo e non magoen a decencia dos leutores nin a vida privada de naide. O demáis todo será ademitido, inda que rebata ideas expostas eiquí. Querendo facer un idearium da "Hirmandade da Fala" non hai outro camiño. Libertá pra todos os bos gallegos, e que cada un responda do seu. Pol-o feito de que un traballo se pubrique, n'hai que entender que a Redacción solidariza adoito c'o él. A NOSA TERRA ten por lema o libre ensamen da conciencia gallega, no térreo galleguista.

E agora alá vai a sintisis de dúas cartas que se nos remitiron, e que pol-o longas temos que tallar: Suscribennas nomes respetabres, que non queren saír á publicidá.

... "O soltiño—di unha—que baix o título de "Unha nota de xusticia" saíu no número derradeiro d'este boletín, contra o que protestamos, magou o sentimento de moitos hirmáns. Por inxusticia teñen estes o feito de darlle as costas ó espírito y-á letra das novas prantillas da Diputación provincial, ciscándose n'eles, pra nomealo oficial primeiro das oficinas d'aquela entidade. Din que o nomeamento do dito oficial—sexa ou non talentoso qu'esto non lle ben á xusticia—perxudicou de cheo tristeiramente a vellos empregados que tiñan dereito a rubir no escalafón. E unha lacra caciquil que pon doente o nobre estímulo dos intereses creados do traballo a cotío, ano tras ano. E unha cousa que asoballa a fe y-a esperanza, xermoladas so a lei, no peito dos empregados exemprares. Unha mala aución, n'unha verba. Inda mais: unha "pola-cada"..."

"... Vimos con malos ollos—di a outra carta—que se gabara o nome d'un dos deputados a Cortes que falaron no Congreso sobre dos aldraxes da Compañía do Norte. Ou alamos da corda pra todos ou pra ningún. Esceuciós, non. Todos dixeron cousas ben ditas, mais sen eficac' porque cando á soma das palabras non latexa o pensamento da aución, as palabras—lembramos tamén a "Hamlet"—fican en "palabras" palabras, palabras", das que se rin quenenes teñen a tixola pol-o rabo. ¿Nonn'o estamos vendo? ¿Sirveu d'algo a interpelación dos deputados gallegos?

Os siñores marqués de Figueiroa, Wais e Rodriguez dixeron cousas de tan fonda enxundia coma o outro deputado a quen loubou X. Pidimos que A NOSA TERRA non volta a metérese en tan mal camiño, que leva ó desreito. Os políticos d'oficio e de "carreira"—¿cadraría millor de corredoira?—qu'os gaben seus órgos na prensa."

E agora preguntamos: ¿Hai mais reparos que poñernos? Veñan, veñan, sen medo. Somos escolantes da libertá, por riba de todo. Nos peneiramos ós mais, os mais que nos peneiren a nos. D'este peneiramento d'intenciós pode saír o ouro moído da enxebreza esgrevia. A pedra filosofal da política nazionalista gallega. O que arelamos atopare. Eiquí non hai "amor propio" senon "amor gallego". O impersoalismo individual, afundido no sacrificio, dos que queren facer unha persoalidade colectiva. ¿Qué moitos escribimos mal a nosa fala? Pois que veñan a nós quenés a escribrin millor. ¿Non facemos d'abondo con abribrilles o camiño pra elo? Ende mais, qu'os escritos bos fallos d'ideas, non valen tanto coma os cativos escritos cheos de boas ideas. Nos, pol-as nosas moitas obrigas, temos que escribere a voa pruma o que pensamos fondonisimamente. E non desagrada, pois cada día lénos mais xente.

### DOENZA QUE TEN CURA

"Comecemos por ter conciencia do pecado (abandono, encollemento, cuqueria, langranería, por arroas) qu' é o introito do arrepenimento.

L. PORTEIRO GAREA.

(A NOSA TERRA do 5 de decembre.)

Por unha desas casualidades da vida, crucéi a rúa Real da Cruña, n'as dúas únecas horas qu'ali estiven e ouvin, moi estranado, pregoar un boletín do que o nome non era pra min coñecido. Recadéi n'o bolso unha cadela, merquéi un exemprar, e levéi a sorpresa maor que n'os meus anos recorde, a ollar qu'estaba impreso n'a doce fala "dos ánxeles e d'os nenos. Non poiden conter os meus sentimentos rexionaes, e mais ben que mercado, foi arrincado o boletín d' un mans do rapaz, qu'ó vendía. Olléino de cote, e canto mais ollaba, mais duvidaba qu'esistisen homes con tanta vontade, dimpos d'un feixe de disinganos e indiferenzas por nosa parte, pra imponse os sacrificios a milloes, procurando a rexeneración da nosa Galicia, abondo esquecida pol-os lampantis qu'a sua conta medraron e se fixeron pr soas.

¡Adiante! Non s'arredrare. As doenzas entran por arroas e saen por anacos. Aínda é tempo; a doenza e curavel. Os bos gallegos temos o deber, d'axudar a obra comenzada; cada un n'ó que poida.

A NOSA TERRA é un boletín diño da ideia pol-a que veu a loitar, e por consiguiente debe ser diario (si é que temos un pouquichi-

## CADRO BRANCO

*Axiña debutará na Cruña unha xuntanza musical, verdadeira e notable orquesta composta por vinte e tantos rapaces entusiastas que veñen ensayando dende fai cuaseque un ano con gabante constancia, pezas de concerto.*

*Moi ben. Entidaes eisi son'as que se percisan en Galicia. Pra que xurdan compositores fan falla intérpretes primeira mente.*

*¡Adiante! Que non haxa desalentos. O éisito e sempre dos homes de vontade.*

ño... d'o que debemos ter) e a iso chegamos, si nosoutros, os naturaes d'eiqui, d'esta terriña tan sofrida com'aldraxada, sacodimós a priguiza que nos roi hastra os osos, e procuramos con total-as nosas forzas de galeguismo, aterroar (pra qu'en xamais s'erga) a gafosa Indiferencia Rexional; e sementamos n'as suas cinzas o arbore d'o verdadeiro amor a terriña. Eiqui o problema: si queredes qu'os nosos dereitos se respeten, qu'as nosas xustificadas d'adrede esquencidas queixas s'atendan, é perciso qu'a NOSA TERRA medre, pra que d'un pulo s'alcontre n'o meio d'a merenda de pretos, e lles faga afourar d'o xantar, pra aqueles que d'il estamos fallos.

¡Ben pol'a "Hirmandade da Fala"! As cousas se fan com'as facedes vosoutros: pregar con feitos; qu'as palabras... o vento as leva.

XAN LABREGO.

Ferrol.

¡Qué pensamento tan louvabre ó de facer un boletín esquirto n'agarimosa é feiteira fala gallega!...

Eu, o mais humilde de todos cantos poidan colaborar n'este pródigo, envíolle pol-o presente traballo a miña mais fervente felicitación y-o mesmo tempo asóciome con amore, á obra enxebre d'ese fato de verdadeiros amigos d'esta meiguña terra.

Pol-a miña nacionalidade estranxeiro, penso farei valere un pouco o nulo valer d'estos renglós, donde non pode atoparse nin unha miña de xeito, pro si d'entusiasmo, é un agradecemento pra este rincunchiño español, onde a Natureza esmerou a sua labore, colmándoo d'encantos que xa os poetas s'encargarán de cantare...

N'a miña imaxinación rebalen pensamentos que axiña espondréi n'estas columnas, si é publicado este meu primeiro traballo gallego; moi cheo de faltas que ó leutor lle agradezo más perdoe pro cheo tamén, d'un interér moi grande pra todo o que seña enxebre, e pol-o tanto dino.

Repito o meu saúdo aínda mais ardente, deseándolles todo xénero de triunfos á loitadora Hirmandade da Fala.

Hastra o próximo e perdonade.

LUIS RAMSPECK.

(Súbdito alemán).

A Cruña, decembro 1916.

## PAZ E GUERRA

Xa finou A NOSA TERRA do 1916. Agora escomenza a do 1917. ¿Ano de paz será o aninovo? Diol-o nos deixe vere. Que fique axiña a doente xenreira que labarea pol-o mundo, ateigando as almas. maladas pol-a carraxe y-a delore mais aínda que pol-o remorso. No mais outo é sagro amore qu'aniña nos nosos corazóns—o amore a Galicia—lateza unha acucia, unha cobiza, unha ariela... a da paz pra Europa. ¡Que o ferro do arado saya da sua folga axiña! ¡Que o ferro das armas entre en folga eterna!

Veñan en troques, as loitas do espírito. Que Galicia, nosa patria, n'ista clas de loitas, sexa campo de batalla, onde se rach'o s'ol. Non sigamos coma deica agora.

N'iste xeito, hirmáns gallegos, pregamos porque a guerra sexa con vosco, non a paz. Somentes eisi abranguerese o trunfo do ideal que cobizamos.

Que no aninovo, acugulados d'éisitos, poídamos facer solenemente, garimosamente, a festa da lingua gallega, da lingua das nosas nais benditas—fada que durme sono d'encanto baixo as poutas d'un ruiño xigante que se chama o Esquecemento—, a semellanza das de Cataluña.

¡Terra a nosa!

## ¡BÓTELLE TERRA!

(CONTO)

Xan do Couto tiña sona de lampantín e de zaramalleiro, e abofé que vo será merecente d'ela.

Entre da xente que non o conocía dábase tal fachenda que mesmo somellaba que era fillo d'un vinculeiro mariñán.

Unha vez, estando cerca o día da festa de Santa María patrona de vila, Xan do Couto, decatouse de que non tiña roupa nova para pampar nos bailes da praza maor pol-a tarde, e pol-a noite nos que se daban no salón do Pedregal, onde un piano con veo era un encantamento qu'engayolaba a todos os mozos do concello.

Non lle quedaban, pois, mais que corenta réis, e con tan pouco diñeiro non podía adequirir o que lle facía tanta falta; mais con ese diñeiro púxose camiño da Cruña disposto a non tornar sin o traxe cobizado.

N-unha rua, da que agora non me lembro, había unha tenda, na que, ademais de facérense traxes a medida, tiñanos xa feitas para a venta, d'esas que chaman "de refacción".

—Moi boas tardes—dixo Xan entrando no establecemento.

—Moi boas.—respondeulle o tendeiro;—¿qué precisa, paisaao?

—Nada, señor; veño a pagar unha deuda.

—¿E cómo é o seu nome?

—Francisco Lamela, para servir a Dios e a vosté—dixo Xan do Couto.

O tendeiro buscou aquel nome no índice do libro mayor, onde tiña as contas dos deudores, e dixo:

—Aquí non hai ningún Lamela; vosté trabucouse de casa.

—Non, señor; acórdome ben que foi aquí onde quedei a deber os dous pesos.

Volveu o tendeiro a ollar de novo o índice.

—Pois non, aquí non figura ningún Francisco Lamela. A non ser que o meu fillo mais vello fose o que s'entendeu con vosté,

—Eso e, sí señor; era o seu fillo quen me despachou estonces. Eu son home leal e honrado, debo dous pesos a esta casa, e a miña concencia mándame pagar. Aquí ten o diñeiro.

## CADRO MOURO

*Saimos d'unha pra caere n'outra. Trail-o da neve, os derrumbamentos n'uns y-outros lugares. Agora o da ponte de Bembibre.*

*O caso é qu'a Compañía do Norte sigue amocándonos. E nos, feitos unhos parviños, un rebaño de anos. ¡Qué noxo!*

*Fan ven, abofellas, en rirse dos gallegos. Cada pobo ten o que merece. Levamos unha semana recibind'o correo pol-a noite. E soilo nos layamos coma mulleres. E non sabemos vere a comenencia do ferrocarril da Costa, que nos poñería en comunicación c'a Europa, com'a xa están todol-os pobos do NO e N d'España, ex-cento Galicia.*

—Bueno, home, bueno. Vexo que aínda hai homes de ben no mundo;—e colleu os dous pesos que lle daba a lacazán de Xan do Couto.—E agora ¿non merca algo, señor Lamela.

—Eu de boa gana levaba un traxe feito, d'estos que ten de mostra na vidriera; peo como han de ser moi caros, contentareime con encargalo ó xastre do meu pobo.

—Non home non; eses traxes son a sete pesos. Próbesé ún, e se lle cai ben, pode levarlo; que o home que paga da maneira que vosté me pagou, ten creto en calquera lado.

E Xan do Couto visteuse un traxe, que l'estaba que nin pintado; envolveu o vello n-un boletín, e despois o tendeiro abreu o libro e apuntou a venta. Andei buscando un papel secante pra que non se l'embo-rallase o escrito, e non o atopou; buscou a salvadeira, e tampouco tiña area.

—¿Seique non atopa conque secal-a tinta?—dixo Antón con sorna raposeira;—pois daquela "bótelte terra, señor".

E o tendeiro rabuñou no chan e boutoulle terra a anotación de Lamela... a quen non volveu a verlle o pelo...

ASIEUMEDRE

## Os ciruxanos gallegos

Sempre tivo sona Galicia, n'esta rama da ciencia médica. Houbo e hai aínda na nosa terra ciruxanos moi gabados e intelixentes. A escola de medicina de Santiago de Compostela honrouse c'os nomes de doutores de nome universal, coma Sánchez Freire, Xeremias, Caldelas, etc., ós qu'oxe sucederon outros de moito valimento que n'hai pra que sinalar xa que andan na memoria de todos.

O ouxeto d'estas liñas e saudar con fonda admiración garimosa—pois é cousa d'actualidade—a un novo ciruxano que cursou seus estudos na universidá de Compostela e qu' agora, na Cruña, onde mora coma médico militar, honra do corpo ó que pertencece, ven facendo operacións quirúrxicas dinas d'aprauso e de lembranza. Refrimonos a don Gaspar Arauxo, mozo traballador, apicado, intelixente, simpático, que, pesi-a sua modestia, cingue xa o seu nome c'o a sona da fama. D. Gaspar Arauxo fixo fai poucos días, na xuntanza do médico Rodríguez—tamén honra da nosa terra—unha operación difícil que n'é mais qu'unha das moitas boas que leva feitas con éisito.

Gaspar Arauxo é, pois, merecente do aprauso de todol-os gallegos de corazón. E un gran médico que da prestixio á nosa ciencia.

# OS POETAS D'AGORA

## PEISAXES

### TARDES DE VENTO

No FINAL

Cheira a resina, funcho e marusia  
y-escóitase lexano o eco brando  
da flauta en que o rapás, pastor do gando,  
repenica unha aldeana melonía.  
Xeme o vento mareiro unha elexia  
antr-os pinos que fungan mormullando,  
y-unha aboa y-a neta van xuntando  
ramas secas, ó pé da serventía.  
Pasa a brincos, a lebre, e detrás d'ela  
vai ladrando, xadeante, unha cadela  
—un lóstrego tras outro, en remuíño.—  
Salta o valo un señor con carabina,  
e mentras a rapaza se persina  
berra a velliña: “¡Ahi vai!.. ¡Pol-o camiño!..”

No CASINO

Nos vidros e na aceirã e no tellado  
trisca a choiva batida pol-o vento;  
n-un curruncho o conserxe, friolento,  
gonea n-un sillón coxo e furado.  
No carto de leutura está acochado,  
ollando o “Heraldo”, un vello carraspeno,  
y-en vos baixa rexouban do auntamento  
dous mozos que dependen prá abogado.  
Uns señores que xogan o tresillo  
no salón, por si foi posta ou codillo,  
levantan un barullo que pon medo;  
e faguendo chorar un mal piano  
que cai de podre, o fillo do escribano  
ensaya o “No-me-mates” con un dedo.

### AMANESCE

Sona o crarin do galo, que vixia  
o primeiro craror, na capoeira,  
y-o alerta repetido d'eira en eira  
é toque de rebato na campia.  
O enxame de paxaros rechouchia  
antre o follaxe espeso da silveira,  
e, rachada en xiróns na carballeira,  
fuxe a leitosa brétema. Xa é día.  
Ante un fervente rebrilar de escumas  
San mar a fora as lanchas, como prumas,  
ó puxante compás dos longos remos.  
A leira seca e polvorenta arando,  
o destripa terróns fálalle ó gando:  
“¡Ei, marelo! ¡Ei, bermello! ¡Bois ou demos!”

### ALTA NOITE

Finxe o axado brancor da lua chéa,  
n-un craro do folloso castiñeiro,  
tremerosos pantasma. No cruceiro,  
da “compaña” a lús roxa cintilea.  
Da médea noite o toque badalea  
un misterioso monxe campaneiro  
nas encantadas ruínas do mosteiro;  
y-agoirando defunto, un can oubea.  
O caminar da recua acompasado  
tringuelean as chocas. Amontado  
na trotadora mula que vai diante,  
na revolta do alto da vereda,  
o arriero canta a copra leda  
do alalá... “¡Santo Cristo de Amarantel!”

RAMÓN CABANILLAS

## Oda alcáica

Da vista tua síntome eu ávido,  
Amado bosque, para min pródigo,  
Meu, doce lugar onde á un tempo  
Os meus recordos teu nome invocan;

Gratos recordos cal soños místicos  
Que, pracenteiros, o ser embárganme,  
E no fondo do amante peito,  
Presentes sempre, mainos aniñan.

A fresca sombra dos verdes árbores  
Louzás que amostras, e fortes érguense;  
Ao son meiguiceiro das follas  
Que o vento amigo manso beixaba,

Vin morrer días; e ali ¡ouh miserol  
Cain escravo da nena espótica  
Que soubo ao seu carro poñerme,  
E un hora viche miña ventura.

Túa sombriza soberba bóveda,  
Parez decia, con tono prácido:  
—“Un nobre recollo aquí vede.  
Onde almas duas que se ben queiran

Deterse poidan, tenras xuntándose.”  
E na espesura sentíanse cálidos  
Meigos bicos, baixo da estrela  
Que as doces ansias d'amor encobre.

¡Ay, cántas veces ao vento nórdico,  
No teu soliño carrereiro, trémulo  
Ou gozoso, pasiei o amargo  
Ou o contento da sorte miña!

¡Ay, cántas veces feriume súpeto  
A cerna da alma da duda a fóstrega!  
Foxen días e horas ao foxo  
Do esquencimento, que mais non volven;

Pero dos ollos as bagoas sálenme,  
E esmorecente se pon meu ánimo,  
Que o pasado venme á memoria;  
E o sol podente brile ou se tolde,

Que o mundo feche glorias, ou pérfido,  
Ben do infortunio nós ceibe o ácido  
Pol-a sua vasta largueza,  
A min, ay triste, nada me importa.

O mal adaxe, costante grimame,  
E como aos ventos corren, e arráfranse  
Pol-o chan as follas caídas,  
A min me levan da sorte as rachas.

Mais nesta dura triganza insólita,  
C'os teus ramallos, ouh bosque, acólleme  
Coma d'antes agarimoso,  
Comol-o doce das coitas miñas.

FLORENCIO VAAMONDE

## Para as sociedades d'Istrución d'América

D. Manoel González Ramos, bon gallego,  
remíteunos dende Compostela, un artigo  
que se nos traspapelou. N'él dicía cousas di-  
nas de se tere en conta. Adicáballo ás soci-  
daes gallegas de Cuba. Algunhas daquelas in-

da non'as esquecemos e coidamos axeitado  
darlles saída.

O señor González Ramos, viña dicire que  
o movemento social dos fillos de Galicia na  
Gran Antilla, hai qu'estudialo en duas épocas.

A primeira, é d'ende a fundación do Centro  
Gallego da Habana até a creación das  
sociedades d'istrución. A segunda d'ende a  
derradeira data até oxe.

O movemento gallego en Cuba—na Arxenti-  
ña quizáis o mesmo—respondeu a leis que  
poideran dicirse biolóxicas. Emprinciou por  
axuntárense aló nosos conterráneos para  
defendérense y-obter benficios, sobre todo  
dende que a bandeira española deixara de  
sere ergueita no Morro. O istinto de conser-  
vación.

Esto xa cumprido, o noso gran organiz-  
mo—Centro Gallego—xa forte e trunfante,  
icando a hexemonía asoballadora de Cas-  
tela ficara c'a perda das colonias! lembrou-  
se d'espallar o seu espírito redentor pola  
escrava patria nativa. E veu entón a segun-  
da data gloriosa, trascendente, exemprar:  
creación e sostenimento d'escolas en Gali-  
cia.

D'eiqui arrinca o cimento d'unha nova  
etapa, quizáis a derradeira, a que pode sere  
mais froitífera. Xentes do pobo, probes emi-  
grantes, vítimas de total-as lacras do caciquismo,  
do analfabetismo e do castelanismo que  
asoballan a Galicia, son—¡Beni-a eles!—  
quenes dende Cuba, logo de redimirse a si  
mesmos aló, queren redimire ós hirmáns  
d'eiqui.

Para isto erguen e sosteñen suas escolas,  
no chan nativo, nos nosos eidos. Ende ben:  
¿Porqué as sociedaes gallegas d'istrución na  
América non completan sua obra admirabile?  
Pra completala; pra facela *revolucionaria*  
no senso legal, soilo lles falla esto:  
Obrigal ós mestres das suas escolas a que  
no ensino dos nenos poñan o da nosa fala,  
sen esquencer a de Castela. Ensiñando o  
castelán por médeo do gallego. Y-obrigal ó  
mesmo tempo,—como ven canso de pidire  
dende fai anos o señor Vilar Ponte—a que  
se imprante n'esas escolas o estudio d'unha  
cartilla de cidadanía, sinxela, crara, na  
que estean difinidos os dereitos e deberes  
dos homes.

Nada millor, nin mais honroso que facer-  
se cada un rico pol-o seu propio esforzo e  
valimento, pois quen c'o alleo chega a ser  
algo, ós estranos lles debe todo, e vive coma  
d'emprestado. E esto acontécenos ós gallegos  
c'a cultura castelana: de todo temos a  
maoria, agás de gallegos.

As sociedaes gallegas da América poden  
n'estes istantes, quizáis coma naide, terminar  
pol-a nosa redención. Imponan o ensino da  
nosa fala nas escolas que sosteñen eiqui.  
Imponan tamén o ensino dos principios da  
cidadanía. Logo, recollerán o froito.

Sen esquecer que, pra chegar a isto, hai  
primeiro que ter un epitome gallego, un vo-  
culario castelán-gallego y unha boa car-  
tilla da cidadanía. E pra telas, deberan  
abrir un certame con bos premios en me-  
tálico.

¡¡Qué doada grande obra, que inmortal  
obra, hirmáns d'América!! ¡¡O porvir de Ga-  
licia está nas vosas mans!!

## “A Nosa Terra,, en Africa

Xunto c'unha carta particulare chea de  
verbas garimosas, recibimol-o siguiente pe-  
queno mensaxe que, dende Melilla, nos man-  
dan un fato de bos galegos. Iste mensaxe  
que proba como as nosas propagandas van  
conquerindo terreo onde queira, facendo  
perciña a vida d'iste boletín, di eisi:

“Os Hirmáns da Fala, n'adesión agari-  
mosa.

Hastra nosoutros chegou, radiante e es-  
prendoroso, com'o sol cando racha as bré-  
temas dimpóis d'un día de morriña, a enxe-  
bre folla nova NOSA TERRA. ¡Xa era tempo  
de qu'houbese un boletín eisi!

Todalas rexións vivas coma Cataluña, Va-  
lencia y-as provincias bascas, teñen quos

non seu linguaxe—sagra cadea qu'engrilloa as tradicións familiares y as raza—, faga literatura e cultive as letras; nos, en troques, non temos cuase a ninguén, deixando que por vergoñoso esquecemento se perda a meiga, doce fala, na que tan xeitosamente sabíase espresare o gran poeta Rosalía.

Por iso, cando nas nosas mans tivemos A NOSA TERRA erguéusenos o peito e tremou o corpo ca ledicia que de nosoutros s'adonou. ¡Era noso idearium! ¡era a lembranza da terra, a nosa bendita fala no encomenzo da súa redención!

Grande é voso esforzo; grand, a vosa obra, e no máis outo da nosa y-alma loubaremos con admiración e agarimo tan santo xeito dos que non dubidamos xa en chamar fillos predileutos da Rexión gallega.

Non é propicia nosa situación pra corresponder ó chamamento que fan d'axudare ó sostenimento e divulgación d'esa folla enxebre, pro, inda eisi, traballaremos canto

poidamos en favore d'un auto de galleguismo, tan merecente de alaudos.

Dinantes de concuire, poñeremos un prego que, de ser do agrado de vostedes, fariamos reloucar de xúbilo a nos que moi lonxe nos hachamos da terra, pensando soilo en engrandecela. O prego é iste: que no primeiro número de A NOSA TERRA sexa publicado o "Hino a Galicia" de Pondal e Veiga, pois somos moitos os gallegos que o non conecemos, y-é unha vergoña, xa qu'á a oración c'a que queremos, pra sempre, lembrarnos da rexión nativa a cotío, sen que se nos esqueza por ilo a querida España.

¡Adiante, esforzados paladis; non fiquedes hastra abranguer a rexeneración do grande pobo gallego!

Un fato de bos gallegos.

E por iles,

JOSE RODRIGUEZ OJEA.

Melilla, 23 de nadal do 1916."

## TRADUCCIÓN DOS CLÁSICOS CASTELANS

# O SIGALO D'OURO

## DO "DON QUIXOTE" DE CERVANTES

¡Ditosa idade e sigalos ditosos aquiles ós que os vellos nomearon dourados! E non porque n'iles houbese, sin ningún trafego, ben doada colleita do ouro que tan estimado é n'ista nosa idade de ferro, si non porque ós que n'aquiles tempos vivían, andaban desabidos dos verbes de teu e meu. N'aquela santa idade, total-as cousas eran bens comunás; ninguén, pr'abranguel-a súa diaria manutención, tiña qu'esligar con outra acucia qu'a d'alongal-a man e pillal-as landras que de seu penduraban, temperadas e doces, das fortes enciñas. As craras fontes e os fuxidores ríos, en mañífica fartura, ben gustosas e cristaiñas aguas ofrecían. N'as lañas das penas e no hoco das alcores, facían a súa república as afanosas abellas, ofrecendo, como xeneroso hachádego ó primeiro qu'o buscaba, o seu docisimo traballo. As valentes sobreiras ceibaban de sí, sin outro mandato qu'o da súa donosía, os seus anchos e lixeiros curtizos, cos que s'escomezaron de cubril-as casas sobre de rústicos espenques apeadas, non mais que pr'agarimo contra as rigurosidades do tempo. Todo era pas, entón, todo amizade, todo boa lei. Inda non s'estrevera a pesada rexa do arado a fendere e visitare as xenerosas entranas da nosa primeira nai, qu'elha sin esforzo imposto donaba por total-as partes do seu fértil e spazoso seo, o que poidera faltar, manter e mbair ós fillos qu'entón a poseían. Entón si que andaban as enxelas e fermosas raparigas de val en val, d'outeiro en outeiro, ceibo ó cabelo ou entrenzado, dusuadas, sin outra vestimenta qu'a que lles cumpría pra seren honestas gardando o qu'a honestidade quere e quixo sempre que se gardase; e non eran os seus alaxes dos qu'agora s'empregan, ós qu'a purpra de Tiro e a por tantas maneiras martizoada seda encarescen, sinon d'algúñas follas de verdecentes bardans e hedras entretrecidas, co que cicais iban tan campantes e compostas como van agora as nosas cortesanas cas raras e pelegriñas invencións qu'a folgada curiosidade lles insinou. Entón s'amostraban os cocetos amorosos da-ialma enxela, mesmamente coma elha ós enxendrabas, sin procurarlle o feitizoso parolar pra melloralos.

Non se misturara a fraude, o engano nin a mala vontade ca verdade, e o que se chama ser com'un é. A xusticia s'estaba en por si, na súa casa propia, sin que s'estrevesen a trubala nin asoballala as infuensas nin os intereses que hoxe tanto señorío lle sacan e tanto a noxan e andan atrás d'elha. A lei do encaxe inda non se metera no entendemento do xués, porqu'entón nin había que xusgar nin que fose xusgado. As mozas e a honestidade andaban, como teño dito, por onde queira soyas e señoras, sin medo de qu'os alteos estrevementos e deshonestas acucias, as aldraxasen, e a súa perdición veu d'elhas mesmas e pol-o seu querente gusto. E agora, n'istes nosos maldados sigalos, non pode estar segura ningunha, inda qu'outro novo laberinto com'o de Creta as garde e feche, porque ali, pol-as regañas ou pol-o ar, co trafego da maldita solicitude, contumin'as o amoroso andacio, e failles dar ó díaño tod'o seu recollemento. Pra cúa seguranza, mais tempo pasado e crecida mais que d'abondo a malicia, instituiuse a orden dos cabaleiros andantes, pra defendel-as virxes, amparal-as viudas e acorrel-ós orfos e menesteiros.

(Traducción de D. Antón Valcárcel.)

## PALIQUE

—Ou rapás.

—¿Qué di, meu vello?

—¿Tí vichel-os boletis que falan de nos?

—Vin, si, señor. Por certo que se hai algú que nos louvan tendo en conta as nosas miras, hainos tamén dos que non ven con bós ollos os nosos traballos, inda que moitos d'ises chámanse rexionalistas.

—Pro seranche dos que dicíndose namorados dos nosos grandes poetas coidan que se lixugan se falan gallego. Ou dos que entenden que a nosa fala soilo está ben na poesía.

—Coma se non houbera no mundo mais de trinta millós de homes, antre gallegos e portugueses, que se sirven d'ela en todol-os autos da súa vida.

—¡Sempre foron galegos os maiores inimigos de Galicia!

—De todo lle hai. Tampouco fallan "zoilos". O malo é que os que nos sairon, o menos que din é que estamos *enquevocados*.

—*Enque...* ¡Na miña vida outra tal vin! ¿Se queren que digamos "jato" e "tegado"?

—Poida que daquela dixeran que iso era falar ben. Como din *outros...* que é falar mal poñer ergueita por erguida, tolleita por tullida, escolleita, por escollida.

—¡Ai, ho! Se as entrega o pobo, se as entregaron Curros, Lamas Carvallal y-outros grandes poetas gallegos. ¿Amostráremolo con citas?

—Pode que sexa (sexa é tamén verba galeguísima recollida, antre outros, por Leiras nos seus Cantares populares), pode que sexa ben.

LEANDRO.

## PENEIRANDO

Din moitos que a nosa labore tería de facerse no campo. Que os verdadeiros problemas gallegos son de xeito rural.

Certo, abofé.

Nos mesmos, estamos cansos de pregoalo.

Mais ó campo gobernáo a cibdade. E namentras nas cibdades non xermole a conciencia nazonalista, namentras as cibdades lle non dian empr'ó campo, a nosa labor é urbana, e de mais intrénas nas pobracións maors. Porque as pequenas ademitan as maors, y as aldeas a unhas e outras.

As sociedaes agrarias deben termare do demáis. Elas e nos poderemos compretarnos. Yaté atoparnos tempo adiante.

Fixádebos no que di o galo cando canta—según o conto popular—traducindo o pensamento dos labregos:

Fidalgos n'aldea,

probes de nos...

"Vida Gallega"—a revista notabre *pol-o demáis*—de Xaime Solá, publicou algunhas caricaturas de xeito gallego que poñen en ridículo ás nosas xentes da campia.

Contra d'istas caricaturas chegaron a nos moitas protestas de bos hirmáns na causa. Algunhas—as mais cheas y-ateigadas de carrexre—de Pontevedra e de Vigo mesmo.

Pareznos xa un pouco tarde pra termar do asunto, que discutiron abondo, "Mauro" e Solá na "Correspondencia" pontevedresa.

"Mauro" apuntou ben. Solá—e perdoe a comparanza—defendeuse coma gato panza arriba.

Pro non nos convenceu, pesi-os seus hábiles casuísmos.

Solá dixo, n'entroutras cousas, pódose ó parche dinantes da ferida:

"Vamos ahora a suponer que quisiese entrometerse—*entrometerse*, non, meterse con moito dereto—en esta cuestión la "Hirmandade da Fala". Si fuese consecuente con su credo, tendria que negarnos todo asomo de razón; tendria que decirnos que hemos exagerado nuestro galleguismo en perjuicio de Galicia. Galicia, según nuestros felibres, es una nacionalidad. Es, pues, una sociedad completa. Tiene todo lo bueno y tiene todo lo malo de las sociedades. Nuestro humoristas, al exteriorizar nuestros defectos, reflejan una fase de la realidad. Cumplen su misión."

¿Vichedes saída mais laberca, mais chea de raposería? E non se enfurruñe D. Xaime.

Iste trascordo, que diría Wais, ou trasacordo, que dixo o marqués de Figueroa, como dicimos nos, non cola, non.

Galicia é unha nazonalidade. Pero en xermen. Cobizosa de intensificare seus prestixios por riba de todo, inda con esaxeracións. Non sería bon fillo aquil que tratase de ridiculizar as cousas da nai, cando ista andivera planeando un negocio. Pois o mesmo l'acontece á nosa terra. Namentras teña tantísimos inimigos, drento e fora; namentras o nome de "gallego" non sexa repetado por todos, ¿imos a rebaixarmos nosoutros mesmós? Entón ¿conque dereito protestaremos contra os aldraxes dos estranos?

¿Cataluña, exempro? Pois Cataluña, señor Solá, fai a súa caricatura en hipérbole, tartarinescamente, si se quere, por sobra de autogabanzas, non da maneira e xeito con que algúns fixérona en "Vida Gallega".

E abonda pol-o d'oxe. Porque Solá ten moito talento...

De Ferrol, pobo onde hai bos humoristas

d'abondo, logo de comunicarnos o *Kolosal* (sic) éisito conque ali pol-o conecido e implacable pontedeumés, noso amigo don M. J. Pérez, na conferencia e controversia que fixo no "Circo Mercantil", que foi coroada c'un xantar esmedrellante, din:

"Ferrolanos, ben por nos...  
Certo qu'é Pérez... Galdós,  
e Dionisio Pérez é;  
Mais, se me poñen n'un brete,  
direivos (como no, che!)  
que agás o do crarinete  
o millor é o do raqué."

No número que ven d'iste boletín falaremos, pra laudalo, amostrando a súa exemplaridadá, do xeito europeo que tiveron os alunos da "Escola Industrial de Vigo".

E cousa estrana pol-o fermosa, pol-dina: autitude exemplar nos anales das folgas estudiantís.

Cousa de moita importancia, merecente de sere levada ó noso "cadro branco".

Cousa que honra a Vigo, cibdade culta...

## CONTO DE REISES

POR LEANDRO CARRÉ

—Nanai ¿por qué non pol-o teu zapato?

—Porque pra min, nenio, non traen nada os Reises.

—Pois ti non és mala, que me qués moito!

—¿E non había quererte, filliño!

—E sempre estás cosendo. ¿Por qué coses tanto, mamá?

—Porque teño que faguelo pra podermos vivir. Se non traballo, non teño cartiños pra nos procurarl-a mantenza.

—¿E os que traballan pra vivir, son bós?

—Si, filliño, si. Pro anda á camiña, que se non, cando veñan os Reises non che deixan nada, coma non esteas durmindo.

—Pois pon ti tamén o teu zapato, mamá. Poida que os Reises che deixen algunha cousa, anda...

Por compracel-o neno, a nai puxo o seu zapato a carón do de seu fillo. Logo, antre apertas e bicos, e contestando coma puido ás infandas preguntas do nenio, que quería saber d'onde viñan os Magos, quenes son e coma adiviñan cales nenos son os bós e cales os malos, foille quitando a brusa, os pantalós, os calcetis. Cando estivo ispido, deitou na camiña, cochouno ben cochadiño, deulle un bico e recomendoulle:

—Durme, pecha os ollíños, que axiña virán os Reises Magos.

Durmiuse o neno e soñou. Soñou coma soñan todol-os nenios no vispera do día acuciado. Soñou que un fato de anxeliños de aás de prata, brancas com'a neve, viñan voando, carrexando goxos de escantilantes cores acugulados de xoguetes. Detrais viñan os Reises. Eran yelliños de longas barbas e cara ridente. Un d'eles, negro. Pero cousa estrana! non lle puxo medo. Fitouno co seu ollar alumiñante, e sorriu, amostrando antre os seus beizos uns dentes coma piñós.

Un anxeliño, poñendo a vermella boquiña a rente do ouvido do neno, díxolle con melosíño falar:

—Sorri porque és bó, e non ch'ha poñer carbós, coma aos nenos malos.

Dimpois, os outros Reises colleron dos goxos moitos xoguetes e guindáronos...

O nenio abriu os ollós.

Xa era día, e unha rayoliña de lus entraña pol-a rendixa que a fenestra mal pechada deixaba.

Ollou pra todol-os currunchos pra ver se algún anxeliño estaba axexando agachado. Logo, convencido de que ninguén había, baixouse da camiña e foi paseniñamente chegándose a onde o vispera deixara o seu zapato e mail-o da nai.

Ali estaban os dous. No seu, viu metida pol-o caño unha escopeta que atravesaba por entre medio das patas a un cabalo de cartón; n-él atopou tamén unha laranxa e mais un cucurúcho con piñós e amendoas.

¿Qué ledicia a do neno! ¿Qué felicidade ao vérese dono de aqueles xoguetes que os Reises lle deixaran coma premio á súa obediencia, ao querer que lle tiña a súa nai.

Pero súpeto ollou pra o outro zapato, o da nai.

N-él había metido un carbón, un grande carbón negro.

O nenio quedouse chafucado. Pero axiña, brillandoll'un lóstrego de carraxe nos ollos, botou a man a aquel carbón aldraxante e agachouno.

—Nanai quere me moito e traballa, nanai é boa—dixo.

Contemprón despois con solermiño ollar os xoguetes; alumiñou o cabalo, bicouno, e meténdolle logo a cabeza no zapato da súa nai, chamóu:

—¡Mamá, mamaina, mira o que che deixaron os Reises!



## NOVAS DA CAUSA

A Hirmandade da Fala en Santiago, grupo exemprar, que ten ó seu frente un fato de persoalidades de sona, antr'elas algúns catedráticos insines, coma o Sr. Cabeza León, literato cultísimo, o Sr. Xil Casares, médico gabado universalmente y-o Sr. Porteiro Gareca, abogado novo, gran civilista e fogoso oradore, cursou, fai poucas datas os dous telegramas que siguen:

"José Rodríguez Carracido, Madrid.

Hirmandade da Fala compostelana acordou unanimidá Consello derradeiro felicitalo cordial enxebremente.—*Taibo*, Sagredario."

"Presidente Consejo Ministro Madrid.

A Hirmandade da Fala de Santiago une a súa rexa protesta, á unánime da esquecida rexión galaica, pol-o vergoñoso abandono do servico ferroviario no qu'é doado sexa Santiago exempro único na Europa. Eiquí vivimos compretamente arredados d'Hespaña, pois léyanos trinta horas chegare á Corte dendes d'un noxento cortello nomeado estación do que vai, cando lle conven un carromato extranxeiro chamado tren, que se hacha n-aberta rebelión c'as ordenanzas que deben rixire a nazon.—*Taibo*, Segredario."

Eisí temos de falar sempre os bos gallegos. Que de cote, lostreguee o espírito da nosa raza n'esta clás de protestas. Temos de protestare de todol-o malo, sen perda d'ocasión. Cando alguén nos magoe, en troque de salayos, berros; en troque de pregos humildosos, verbas fortes, empenhadas de carraxe. ¡Ben, moi ben polos admirabres hirmáns santiagueses!

No Ateneo de Madrí, dará oxe, 5 de xaneiro, a carta das conferencias de porpaganda galleguista organizadas pol-o notabre boletín "Estudios Gallegos", o director d'iste, D. Aurelio Ribalta.

O tema é de moito intrés: "A lingua gallega na actual literatura de Galicia".

Pensa o conferenciante estudiare a evolución do gallego, coma lingua literaria d'endo tempo dos "precursores", García Mosquera, Xan Manuel Pintos, etc., até oxe; e finalizará facendo un estudio do seu xeito actual (fonética e rítmica) nos poetas e prosistas dos nosos días.

Concedidol-os xenio, talento e ispiración do Sr. Ribalta, n'é perciso decire qu'isa conferencia terá de sere admirabile, chea d'intrés e fermosura.

Ribalta é un dos poucos homes representativos do galleguismo esgrevio. Por adiantado, pois, l'adicamos o noso fondonísimo alaudos.

No salón da Academia Gallega, na Cruña, abrírase o curso de conferencias, para "Os Amigos da Fala", sobre cousas da causa, o sábado 6, de xaneiro, co-unha de noso compañeiro Antón Vilar Ponte, quen tratará do noso nazonalismo.

A ista conferencia, seguirán outras, nos sábados sucesivos, a cárrego dos señores Lúgrís Freire, Valcárcel, Peña Novo, Carré, Martís Morás y-outros.

Escomenzarán ás oito da noite.

Háchase na Cruña, onde veu pasare us días preto da familia, noso bon amigo, Wenceslao Fernández Flórez.

Flórez fixo, até que se pecharon as Cortes, unha brillante labore que gabou toda xente intelixente, no xornal madrileño "A B C". As suas "Acotaciones de un oyente", dimpois das "parlamentarias" d'"Azorín", é o millor que se fixo no xénero en España.

Flórez, unha das primeiras figuras da nova literatura gallega, inda cinguido pol-o loureiro dos éisitos centralistas, non deixou, endexamáis, de lembrarse das cousas da nosa terra. (Os seus artigos sobor do Porto do Son!)

Ten dereito a que se l'acolla con agarimo no seu pobo nativo. E un gran gallego.

"Os Amigos da Fala" da Cruña, veñen organizando unha gran festa gallega, dina de tere éisito e sona.

La Coruña: Imp. de LA VOZ DE GALICIA



Lo que gusta más á Bebe,  
lo que está esperando con impaciencia,  
es la  
**HARINA LACTEADA NESTLÉ**  
el alimento preferido de los niños.



# Compagnie Generale Transatlantique

**VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE**

Servicios directos dende o porto da Cruña  
Liña de Nova York

O día 5 do mes de xaneiro sairá da Cruña, directo a Nueva York, o vapor

**VIRGINIE**

Liña da Habana e Veracruz

O día 23 de xaneiro sairá da Cruña pra Habana e Veracruz, o vapor

**FLANDRE**

Ademite pasaxeiros de primeira (varias

categorías), segunda, preferencia e terceira clás e carga.

**PRECIO EN TERCEIRA CLAS**

A Habana, 268,60 A Veracruz, 282,60  
Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Liña de Francia á Nova York

Os vapores corrieos de moito andare d'esta liña, saen todol-os sábados de Burdeos, e facilitanse billetes de primeira e segunda clás.

**NOTAS.**—Quedan sin efecto total-as tarxas de visita, pois non se deixa entrare á bordo.

## BOLETO PRA SUSCRIBIRSE

D. \_\_\_\_\_  
domiciliado en \_\_\_\_\_  
suscríbese por \_\_\_\_\_

a **A NOSA TERRA.**  
Firma do interesado

(As suscricións de fora da Cruña teñen que se facer por trimestre, semestre ou ano.)

## LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecemento atópanse libros e revistas moi curiosos, antigos e modernos. Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rua estreita de San Anudrés.

## O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda na Cruña, véñse as milloras xoyas do arte cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concurrente a cotío.

## Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millós de pesetas d'aforro en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da Rúa Real.

## M. MIGUEL

Afinador e compoñedor de Pianos.

Avisos: Real, 48.—CRUNA.

## VIÑOS

**BRANCOS E TINTOS**

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

"Rioxa Ollauri" especial pra familias  
botella sin casco ..... 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

Hotel Continental.

## CONTOS GALLEGOS

— DE —

### Asieumedre

Pol-a cativa cantidá de dous reais podedes ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

## NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da "Voz de Galicia" con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fíranse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.—CRUNA. Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.